



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA INFORMADOR/A TURÍSTICO/A PARA O PUNTO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE DURANTE O VERÁN DO ANO 2021**

#### **PRIMEIRA.-Obxecto da convocatoria.**

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de oposición libre dunha persoa para realizar as tarefas de información turística no PMIT (Punto Municipal de Información Turística) do Concello de Laxe, de conformidade co disposto:

- Nos artigos 9, 26 a 28, 44, 49 a 51, 54 a 59 e 63 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- No Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia.
- Na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Nos artigos 21.1.g), 91, 100 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- No artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- No Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, de 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3).
- No Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.
- No Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

E demais disposicións de pertinente aplicación.

#### **SEGUNDA.-MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN.**

O contrato formalizarase baixo a modalidade de duración determinada, por obra ou servizo determinado, a tempo completo, en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá e/ou de tarde, tódolos días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

Tendo en conta o obxecto do contrato, a prestación dos servizos realizarase dende a súa formalización e durante un período máximo de 2 meses que non poderá superar a data de 30/09/2021.

As retribucións salariais brutas mensuais serán de 1.116,99€ que se distribuirán en salario base 957,42 € e 159,57 € de prorrata de paga extra.

A función básica do/a informador/a do Punto Municipal de Información Turística será a de orientar e proporcionar a información adecuada aos usuarios do PMIT co obxecto de facilitarlle a viaxe e a estancia no noso concello e no xeodestino da Costa da Morte, así como enriquecer a súa experiencia turística.

As tarefas a desenvolver serán as seguintes:

- Organizar e utilizar os recursos necesarios para prestar o servizo de información turística.
- Organizar e difundir a información no PMIT.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- Coordinar o seu traballo con outros informadores do xeodestino e con outros empregados deste concello a fin de poder proporcionar toda a información sobre a zona e os itinerarios ou rutas de interese.
- Clasificar o material de apoio informativo (mapas, folletos, documentación sobre rutas, museos, medios de transporte, etc.) e o material publicitario das actividades, do servizo de aloxamento e restauración e doutros servizos complementarios.
- Ter actualizada en cada momento a información que se facilite aos usuarios do servizo.
- Atender e informar aos visitantes.
- Recoller as impresións, suxestións e queixas dos visitantes, e transmitirlas ao alcalde ou ao Concelleiro Delegado de Comercio, Hostalería e Turismo, para conseguir a mellora continua do servizo e da súa imaxe.
- Calquera outra que a alcaldía ou a concellería delegada lle encomende relacionadas directamente co servizo de información turística.

Este contrato está cofinanciado pola Axencia Turismo de Galicia ao abeiro da RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xullo, agosto e setembro, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento TU900A). DOGA núm. 117 do martes 22 de xuño de 2021.

### TERCEIRA.-Condicións dos aspirantes.

1.- Para participar neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) dalgún dos seguintes títulos:

- técnico superior en información e comercialización turística,
- técnico superior en guía, información e asistencia turística,
- técnico en empresas e actividades turísticas,
- grao ou diplomado en turismo, ou equivalente homologado,
- habilitación de guía de turismo, ou
- certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante (HOTI0108).

A titulación deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presenta-las instancias) da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo organismo competente.

d) Como medida de fomento do emprego, o persoal deberá figurar como desempleado no Servizo Público de Emprego de Galicia. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da solicitude como no momento da contratación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

e) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 3 ou Iniciación á lingua galega como mínimo. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

f) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

g) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

h) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

2.- Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias e mantelos ata o momento da formalización do contrato.

3.- Será nulo o nomeamento dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

### **CUARTA. SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA A OFICINA DE EMPREGO.**

O sistema de recrutamento e admisión de candidatos/as será o de oferta de emprego xenérica xestionada pola Oficina de emprego correspondente.

Os parámetros da sondaxe son:

a) Ámbito xeográfico: O do Concello de Laxe, lugar no que se sitúa o PMIT.

De non atoparse o número mínimo de candidatos (3) ampliarase, por este orde ao ámbito comarcal, ao da oficina de emprego, e finalmente ao da provincia.

b) Número de candidatos/as a convocar pola oficina de emprego será de un mínimo de 3 e un máximo de 5.

Se o número de candidatos excedese desta cifra máxima, a oficina de emprego poderá efectuar unha selección, excluíndo os que teñan menor experiencia en Oficinas Municipais de Turismo, de persistir o exceso, excluírá os que teñan menor tempo acreditado na situación de desemprego.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Publicidade da Oferta De Emprego.

Tanto estas bases como as listaxes cos resultados do proceso de selección serán expostas nos taboleiros da oficina de emprego de xestión da oferta, e no taboleiro de anuncios da sede electr

Dada a perentoriedade dos prazos para abrir o PMIT para dar o servizo de información turística, a oferta de emprego non será obxecto de difusión pública no Portal de Emprego.

A oferta de emprego será publicada así como tódolos trámites administrativos asociados na web municipal do Concello de Laxe [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com).

### **QUINTA.-Tribunal cualificador.**

1.- Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

2.- O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

- Presidente: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.
- Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo
- Secretario: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

3.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

5.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

6.- Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

7.- A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

### **SEXTA.-COMENZO E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

1.- A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.- Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, os aspirantes serán chamados de acordo coa Resolución do 29 de xaneiro de 2021 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2021) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación dos aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra <<Y>>.

De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3.- Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros

4.- Os aspirantes deberán presentarse provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela. Comezada a práctica dos exercicios, o tribunal poderá requirir-lles en calquera momento aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

5.- Para as persoas con discapacidade que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

6.- O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñece-la identidade do aspirante

### **SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

1.- O sistema de selección será o de oposición libre que consistirá na realización do seguinte exercicio:

**1º exercicio: Proba de avaliación de coñecementos.** De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar por escrito, no tempo máximo de 45 minutos, un cuestionario de trinta (30) preguntas tipo test, con tres posibles respostas, sendo só válida unha delas, relativas á historia e a xeografía, ao patrimonio integral (cultural e natural), e os servizos turísticos e complementarios existentes no ámbito territorial do Concello de Laxe e do xeodestino turístico da Costa da Morte.

Este exercicio é eliminatorio e valorarase ata un máximo de 30 puntos, sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de 15 puntos. Cada pregunta correcta puntuarase con 1 punto, e cada pregunta incorrecta descontará 0,25 puntos.

En caso de empate, a orde de prelación establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1. Menor número de respostas incorrectas.
2. Menor número de respostas non contestadas.

### **2.- Proba de coñecemento da Lingua Galega:**

No suposto de que os aspirantes xunto coa instancia non acrediten o coñecemento do idioma galego a través da presentación do Título Celga 3 ou equivalente, deberán superar a través da cualificación de apto/non apto unha proba de galego co seguinte contido:

O exame consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de dicionario, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio, e corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar o nivel de apto.

2.- A publicación dos resultados obtidos no proceso selectivo, así como o anuncio de convocatoria dos aspirantes, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na Web municipal do Concello de Laxe [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com).

### **OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.**

1.- Rematada a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do concello a relación dos aspirantes aprobados por orde de puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor do aspirante que obtiveran a puntuación máis alta (o tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas).

2.- O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formaliza-lo contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no art. 61.8 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

3.- No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

### **NOVENA.- BOLSA DE TRABALLO.**

As persoas candidatas que superen o proceso de selección e non resulten seleccionadas para o posto de traballo por non acadar a puntuación suficiente pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizalo contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacións antes descritas, o órgano convocante poderá realizar a substitución pertinente para o dito servizo sempre e cando os/as candidatos/as cumpran os requisitos establecidos no apartado terceiro para ser admitidos/as e continúe en desemprego no momento de formalizar a contratación.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata o remate do contrato.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

### **DÉCIMA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

No prazo de cinco días naturais seguintes á data de publicación do resultado da selección, os aspirantes seleccionados deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, presentando os documentos que non foran presentados xunto coa solicitude para participar neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia compulsada do número de afiliación á Seguridade Social.
- c) Fotocopia compulsada do título, ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificala data en que se finalizaron os correspondentes estudos.
- d) Certificado/informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.
- e) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- f) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- g) Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- h) Certificado conforme consta inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, tal e como consta na base 3ª.
- i) Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

2.- Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os aspirantes propostos non presentaran a súa documentación ou non acreditaran reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar neste proceso selectivo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Neste caso, a proposta considerase feita a prol do aspirante que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; como consecuencia da citada anulación.

### **UNDÉCIMA.- NOMEAMENTO.**

Unha vez que o/a interesado/a presenta a documentación a que se refire o apartado anterior e sendo a mesma conforme, o órgano competente da corporación procederá ó nomeamento do/a aspirante proposto polo tribunal cualificador.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

### **DUODÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

1.- A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais a contar dende a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

2.- Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante nomeado deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

3.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase.

4.- A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

### **DÉCIMOTERCEIRA.- PERÍODO DE PROBA.**

1.- O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores, agás cando o traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade neste concello baixo calquera modalidade de contratación.

Este período de proba non se considerará interrompido polas situacións de incapacidade temporal, maternidade, e adopción ou acollemento, que poidan afectar ao traballador/a.

2.- Transcorrido este período de proba se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

### **DÉCIMOCUARTA.- NORMAS FINAIS.**

1.- Para todo o non previsto nestas bases ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real decreto legislativo do Estatuto básico do empregado público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, na Lei de medidas para reforma da función pública, no texto refundido da Lei de función pública de Galicia, no Real decreto 896/1991 sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no Real decreto 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da administración do estado, no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

aprobado por Real decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

2.- Agás a convocatoria que se publicara segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da realización deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do Taboleiro de Anuncios da casa do concello.

3.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal cualificador, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

4.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer Recurso Contencioso Administrativo ante o Xulgado contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse Recurso de Reposición ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

### **ANEXO I.- PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA INFORMADOR/A TURÍSTICO/A PARA O PUNTO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE DURANTE O VERÁN DO ANO 2021**

D. .... titular do D.N.I. núm.  
..... e enderezo a efectos de notificación en  
..... rúa.....  
nº..... piso..... C.P. .... Teléfono.: .....  
Correo electrónico:.....

#### **EXPÓN**

- Que desexa participar no procedemento de selección, candidatos preseleccionados pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo, mediante contrato de traballo temporal, de 1 informador/a turístico/a de acordo coas bases da convocatoria.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpro con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que a documentación achegada é auténtica.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes estou desempleado e inscrito na oficina de emprego correspondente como demandante non ocupado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- Que autorizo ó Concello de Laxe para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e avaliación no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello de Laxe ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo o traslado dos mesmos á Consellería de Emprego, Economía e Industria co obxecto de xustificar a subvención concedida.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para recabar información do Servizo Público de Emprego requirido para xustificar a miña condición de persoa desempregada.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha **X**):

\_\_Fotocopia do D.N.I.

\_\_Documentación acreditativa dos requisitos que desexa comunicar (base 3ª) indicar cal:

- técnico superior en información e comercialización turística,
- técnico superior en guía, información e asistencia turística,
- técnico en empresas e actividades turísticas,
- grao ou diplomado en turismo, ou equivalente homologado,
- habilitación de guía de turismo, ou
- certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante (HOTI0108)

Polo exposto, **SOLICITA**, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ó que se refire a presente instancia .

En.....a.....de ..... de 2021.

### **Sr. Alcalde do Concello de Laxe**

*Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.*

*O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.*

*A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.*